



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.  
Avda. da Mariña 25 15160  
Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
www.sada.gal

## ANUNCIO

Vistas polo Tribunal Cualificador en sesión de data 30/05/2016, as diferentes alegacións presentadas por varias persoas aspirantes contra as preguntas do cuestionario tipo test, obxecto da proba de coñecementos do proceso selectivo para 3 Auxiliares de Policía Local, e a vista do informe emitido polo inspector-xefe da policía local do concello de Sada, e refrendado polo oficial da policía local do concello de Sada, ambos membros deste tribunal, acordou:

1. Respecto á pregunta núm. 17 onde se alega que as respostas b) e c) poden ser correctas. Desestimar a alegación, dado que a resposta b) non é correcta, pois non inclúe os requisitos necesarios para a súa aplicación á pregunta que son: requirimento da autoridade competente e previa autorización dos respectivos alcaldes, consonte ao artigo 6.1 da Lei 4/2007, de Coordinación de Policía Locais de Galicia.

2. Respecto á pregunta núm. 26 onde se alega que as respostas a) e c) poden ser correctas. Desestimar a alegación, dado que a única resposta correcta é a a) consonte ao artigo 385 do Código Penal (CP). A resposta c) non é correcta, pois a única mención a sinais como infracción administrativa é a do artigo 77 do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria (LSV) que dispón que: "*Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a: (...) n) Realizar en la vía obras sin la autorización correspondiente, así como la retirada, ocultación, alteración o deterioro de la señalización permanente u ocasiona (..)*

3. Respecto á pregunta núm. 36 onde se alega que a pregunta está mal formulada. Desestimar a alegación dado que segundo a redacción da pregunta e considerando o artigo 385 do CP a única das respostas posible é a d) sen que haxa posibilidade de contestar outra resposta que leve a erro ou dúbida á persoa aspirante.

4. Respecto á pregunta núm. 50 onde se alega que a resposta correcta é a b). Desestimar as alegacións, considerando que :

- a) A pregunta formulada é a *quen se sancionará* , non quen é o responsable.
- b) O artigo 76 h) da LSV dispón que: "*Son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a: (...) h) Non facer uso do cinto de seguranza, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección*"
- c) O artigo 118.1 do Regulamento Xeral de Circulación (RXC) dispón que: (...) 1. "*Os condutores e pasaxeiros de motocicletas o motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuatriciclos, de ciclomotores e de vehículos especiais tipo «quad», deberán utilizar adecuadamente cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen tanto en vías urbanas como en interurbanas (...)*".
- d) O cadro de sancións do 6 de maio de 2016 de infraccións a LSV e regulamentación de desenvolvemento dispón 2 infraccións diferenciadas coas súas correspondentes sancións respecto ao artigo 118.1 do RXC, separando claramente ao autor da mesma (opción 5A e 5B):



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.  
Avda. da Mariña 25 15160  
Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
www.sada.gal

- i. Opción 5A : *"Non empregar adecuadamente o condutor do vehículo o correspondente casco de protección homologado ou certificado: 200 €, sanción grave.3 puntos"*
- ii. opción 5B: *"Non empregar adecuadamente o pasaxeiro do vehículo o correspondente casco de protección homologado ou certificado: 200 €, sanción grave"*

Este acordo poderá ser obxecto de recurso de alzada ante o Alcalde do Concello de Sada, consonte aos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O que se pública para xeral coñecemento.

Sada, 30 de maio de 2016

A presidenta suplente do Tribunal

María Jesús Ramos Esperante

**-Taboleiro**  
**-Web**